

I.4. GALICIA

per Xose GONZÁLEZ MARTÍNEZ

Xefe do Servizo de Normalización Lingüística do Concello de Redondela

CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

Lexislación

Lei 4/1988, do 26 de maio, da Función Pública de Galicia. O Título III «Órganos da Función Pública» recolle no seu artigo 12 apartado 13 di que lle corresponde ó Consello da Xunta de Galicia «aprobar o plan de normalización lingüística da Administración Pública da Comunidade Autónoma».

O artigo 33 contén o seguinte: «Para garantir o dereito dos administrados ó uso do galego nas súas relacións coa Administración Pública no ámbito da Comunidade Autónoma, nas probas selectivas que se realicen para o acceso ás prazas da Administración Autónoma terase en conta o coñecemento da lingua galega.»

Lei 5/1988, do 21 de xuño, do galego como lingua oficial de Galicia polas entidades locais. Esta Lei consta de dous artigos e, pese a que foi promulgada hai un ano e pico, non foi obxecto de atención por parte das corporacións locais. A oficialidade desta Lei é a de establecer un criterio normativo impulsor do progresivo proceso de normalización do galego na Administración local, na procura dun clima social e político que multiplique os esforzos que se veñen realizando para a recuperación do uso normal da nosa lingua.

O artigo 1 establece que «as convocatorias de sesións, ordes do día, mocións, votos particulares, propostas de acordo, dictámes das Comisións informativas e actas das entidades locais de Galicia redactaranse en lingua galega».

«Sen prexuízo do anterior —di o art. 2.2— a Xunta de Galicia adoptará as medidas oportunas para que nos concursos de acceso de funcionarios á Administración local se garanta o coñecemento da lingua galega.»

A Disposición Transitoria establece prazos: «1. As entidades locais que non estean en condicións de incorporar de contado o galego como lingua normal nos actos escritos da Administración dispoñerán dun prazo de dous anos a partir da publicación desta lei para adoptar acordo sobre a realización material do disposto nela e darlle cumprimento».

Lei 11/1989, do 20 de xullo, de ordenación do sistema universitario de Galicia. Trátase dunha Lei moi debatida e agardada.

O art. 1.2, di que «E obxecto desta Lei establece-las bases de ordeación territorial, funional e financeira do sistema universitario de Galicia, así como os criterios para a implantación de novas titulacións e a creación dos correspondentes centros, tendo en conta as características e esixencias demográficas, científico-educativas, socio-económicas e socio-culturais da sociedades galega».

Sen embargo, a concreción do aspecto lingüístico témo-la que atopar no seguinte artigo, parágrafos 4 e 5. No primeiro dise que «a irradiación da cultura e a promoción do desenvolvemento cultural de Galicia a través da dimensión universitaria» e «a promoción do galego, lingua propia de Galicia, como idioma vehicular no ensino superior, na investigación científica e na creatividade artística e cultura» conformar os obxectivos e finalidades propios do sistema universitario de Galicia.

Lei 10/1989, de modificación da Lei 4/1987, do 27 de maio, de creación da Escola Galega de Administración Pública. A anterior Lei, xa comentada nestas páxinas, obviaba algúns aspectos de interese que mesmo foron obxecto de emendas presentadas por algún grupo parlamentario. Agora, esta Lei modificadora daquela outra aprobada en 1987, tenta «clarexalo sistema de elección dos representantes dos funcionarios ó servizo da Administración autónoma e das Administracións locais, adaptándoo ó marco do proceso electoral levado a cabo ó abeiro da Lei 9/1987».

Efectivamente, o art. 3, que fixa os fins da EGAP establece coma un deles «i) A difusión e a normalización do idioma galego na Administración pública, a capacitación lingüística do persoal e maila participación na fixación da linguaxe técnica, administrativa e xurídica galega».

Fomento

Orde do 19 de maio de 1988, pola que se convocan os «Premios Galicia de Xornalismo 1988». A Base primeira establece que «poderán optar a estes premios os profesionais que publiquen ou emitan os seus traballos en galego normativizado nalgunha publicación periódica ou emisora de radio galegas».

Orde do 11 de novembro de 1988, pola que se regula a concesión de axudas económicas a empresas periódicas e de radiodifusión por uso e normalización da lingua galega durante 1988. O preámbulo da Orde comenza dicindo que «A fin de potenciar-lo uso do galego nos medios de comunicación social da nosa Comunidade e cumprir deste xeito os obxectivos previstos na Lei de Normalización Lingüística, é necesario arbitrar un sistema de axudas institucionais a favor da prensa e das emisoras de radiodifusión.

Segundo o art. 1 poderán acollerse ás axudas obxecto desta Orde as

empresas periodísticas domiciliadas en Galicia, que publiquen informacións, artigos, colaboracións ou seccións fixas en lingua galega normatizada.

Para outorga-las axudas a Consellería tera en conta o nivel de audiencia, a asiduidade dos programas en lingua galega e a maior ou menor porcentaxe dos mesmos en relación coa programación total.

Orde do 15 de febreiro de 1989, pola que se regulan os programas de actuación en favor das comunidades galegas asentadas fóra de Galicia. O art. 1 desta Orde estipula que poderán ser obxecto de subvencións as seguintes accións:

1. Actividades para a divulgación e mantemento da lingua e cultura galegas, así como para a realización de estudos sobre a galegitude no mundo.

2. Realización de cursos, seminarios, xiras, conferencias e ciclos, tanto dentro como fóra de Galicia, con especial destino ós emigrantes galegos e ós seus descendentes.

3. A edición e difusión de publicacións con destino ós membros das comunidades galegas.

4. Adquisición por parte das comunidades galegas de fondos editoriais, impresos fonográficos e audiovisuais tendentes e facilita-lo coñecemento da historia, da arte, da lingua e da actualidade socio-económica galega.

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

A) *Desenvolvemento normativo*

Orde do 1 de marzo de 1988, pola que se desenvolve o Decreto 135/1983, sobre aplicación da Lei 3/1983 do 15 de xuño de Normalización Lingüística. Esta Orde, que consta de dez artigos, establece os criterios para a utilización da lingua galega no ámbito educativo. Cómpre aclarar, porén, que esta disposición legal substitúe a outra do ano anterior por presunta inconstitucionalidade.

A Orde regula dous aspectos fundamentais:

I. O galego, lingua oficial da Administración educativa en Galicia; e II. As linguas oficiais en Galicia como materia de ensino e o ensino en lingua galega.

O art. 1 di que «Tendo en conta que a lingua propia de Galicia é o galego, e que esta, xunto co castelán, é unha das linguas oficiais da Comu-

nidade Autónoma e en consecuencia tamén o é da súa Administración Educativa».

Outros aspectos como «os documentos administrativos dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria faranse xeralmente en galego utilizando os modelos normalizados e, neles constará o nome do centro e o topónimo do municipio ou entidade de poboación na súa forma oficial», están regulados no art. 2.

Para acadalos obxectivos previstos na Orde a Dirección Xeral de Política Lingüística continuará organizando cursos de galego, tanto para o persoal docente como non docente da Administración educativa.

As actuacións administrativas de réxime interior dos centros, tales como actas, comunicacións, rótulos indicativos de dependencias, etc. redactaranse normalmente en galego. Asemade, a documentación que teña que surtir efecto fóra da Comunidade Autónoma farase en castelán.

O art. 4 dispón que os alumnos non poderán ser separados en centros diferentes por razón de lingua.

O art. 6 e seguintes regulan as asignaturas que se impartirán en lingua galega garantindo os profesores o dereito á educación adoptando medidas oportunas co fin de que os alumnos que non teñan dominio abondo da lingua poidan seguir con proveito as ensinanzas que nesta lingua se lles impartan.

Orde do 3 de maio de 1988, pola que se incorporan ó novo Curso de Orientación Universitaria a Lingua e Literatura Galegas. A Orde do Ministerio de Educación e Ciencia, do 3 de setembro de 1987 (BOE, do 14) prevé que as Comunidades Autónomas que fosen autorizadas a incluíren no plan de estudos deste curso o ensino da lingua galega e literatura propias, poderán incorporalas aplicando os mesmos criterios utilizados anteriormente.

En virtude desta Orde a Xunta de Galicia dicta outra Orde dispoñendo que «O contido do Curso de Orientación Universitaria comprenderá un núcleo de materias comúns e catro opcións. Incluirá, asemade, seminarios e actividades coa finalidade de contribuir á formación e orientación académica e profesional dos alumnos».

Orde do 19 de xaneiro de 1989, pola que se validan os estudos de Galego feitos no ensino básico e medio, equiparándoos cos correspondentes certificados de iniciación e perfeccionamento da Lingua Galega. Unha vez que foi incorporado o ensino da Lingua Galega ós plans de estudo de educación Preescolar, Educación Xeral Básica, Formación Profesional e Bacharalato a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria estableceu os criterios de validacións dos cursos de lingua galega.

Orde do 1 de agosto de 1988, pola que se regula a constitución de seminarios permanentes interdisciplinares de Lingua Galega nos centros

de ensino da Comunidade Autónoma. O art. 6 di que «os seminarios terán como obxectivo preferente o perfeccionamento continuado do profesorado para que adquira a destreza oral e escrita da Lingua Galega para a súa utilización on ensino».

Resolución do 5 de xullo de 1988, da Dirección Xeral de Política Lingüística, sobre o cumprimento das disposicións relativas á normalización lingüística na Administración educativa e no ensino nos centros educativos dos dos distintos niveis de ensino non universitario de Galicia. A Resolución tenta conseguirla colaboración de todo o personal da Administración educativa, a aplicación concreta nos centros de ensino da normativa existente, o logo do cal contribuirá á normalización real da nosa lingua e que por medio do presente texto se recorda e se precisa.

O art. 1 preceptúa que o galego, como lingua propia de Galicia, é tamén lingua oficial no ensino en tódolos niveis educativos.

O parágrafo 1.2 establece que «as clases de lingua e literatura Galegas impartíranse en galego». Esta obrigatoriedade non está de máis xa que, principalmente no ensino privado, impartense clases de Lingua e Literatura Galega en castelán, con moita frecuencia.

Outro aspecto no que tenta facer fincapé é a relativa ás normas ortográficas e morfolóxicas do galego. O parágrafo 1.8 establéceo con nítida claridade.

B) *Fomento*

Orde do 3 de xaneiro de 1989, pola que se regula a concesión de subvencións a familias e institucións sen fin de lucro para a organización de congresos, xornadas e simposios que promocionen a lingua e literatura galegas. A partida presupostaria consignada é de 6.000.000 de pesetas.

A publicidade, ponencias, comunicacións, escritos, etc. dos congresos, xornadas e simposios, deberán facerse en galego normativizado, ó abeiro da lexislación vixente.

Orde do 4 de xaneiro de 1989, pola que se regula a concesión de subvencións ás Corporacións locais de Galicia para actividades e proxectos de normalización da lingua galega. Orde dictada en cumprimento do disposto na Lei 3/1983 de normalización lingüística e Lei 5/1988 do uso do galego como lingua oficial de Galicia polas entidades locais.

As subvencións concederanse para as seguintes modalidades:

- a) Pagamento de persoal especialista en Lingua Galega.
- b) Compra de material bibliográfico, didáctico e/ou de apoio para o servizo de normalización lingüística.

c) Gastos producidos pola instalación de rótulos indicativos en lingua galega, tanto interiores como exteriores, na Casa do Concello ou en calquera outra dependencia municipal.

CONSELLERÍA DE CULTURA E DEPORTES

Fomento

Orde do 1 de marzo de 1988, pola que se aproban as axudas ás revistas galegas de carácter cultural. As axudas ás que fai referencia esta Orde teñen que referirse a publicacións escritas en lingua galega normativizada.

Orde do 3 de marzo de 1988, pola que se convocan subvencións para editar publicacións infantís ilustradas. Como na anterior Orde o requisito ineludible para poder optar a estas subvención é a de estaren escritas en lingua galega normativizada.

Orde do 12 de abril de 1988, pola que se regula a concesión de subvencións á produción cinematográfica. Con miras a facilita-lo desenvolvemento e consolidación da produción cinematográfica galega a Consellería habilitou unha partida de corenta millóns de pesetas para subvencionar producións cinematográficas de longa e curtametraxe.

O Anexo Terceiro sinala que no caso de que a versión orixinal fose en castelán, a productora realizará unha versión en galego para a súa exhibición comercial en Galicia, cando menos nun 25 % das sesións.

Orde do 22 de abril de 1988, pola que se convocan subvencións para editar obras de literatura infantil e xuvenil. As subvencións concederanse a editoriais que se comprometan a edita-las obras; quedan excluídas as editoriais dependentes de organismos públicos.

Orde do 5 de abril de 1989, pola que se convocan axudas para a realización de estudos sobre medios de comunicación social en Galicia. A teor do establecido polo apartado quinto os traballos presentados deberán estar escritos integramente en galego.